



## **PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN POR CONCURSO ABERTO DOS SERVIZOS DOCENTES E COMPLEMENTARIOS DE ADMINISTRACIÓN E CONSERXERÍA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO**

### **CLÁUSULAS**

#### **Primeira.- OBXECTO**

O obxecto do presente prego é a contratación dos servizos docentes e complementarios de administración e conserxería da Escola Municipal de Música de Vigo (en adiante, EMMV), que é de titulariedade municipal e foi creada ao abeiro do disposto na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 11 de marzo de 1993, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia e rexistrada no Rexistro de escolas de música de Galicia, de conformidade coa Orde de 4 de febreiro de 1997.

#### **Segunda.- PARÁMETROS DA ESCOLA**

As ensinanzas musicais que se impartan na EMMV adaptaranse ao disposto na normativa vixente (Lei Orgánica 2/2006 de Educación e Orde de 11 de marzo de 1993) baixo os seguintes parámetros:

##### Ubicación

A sede da EMMV está no inmovible de titulariedade municipal sito no Camiño do Regueiro,1 (36211 VIGO), sen prexuízo dos grupos que o Servizo de Educación do Concello de Vigo poda acordar establecer noutros centros públicos de ensino da cidade. Achéganse no expediente os correspondentes planos do citado inmovible municipal.

##### Horarios e calendario

Con carácter xeral, a EMMV iniciará o curso no mes de setembro e rematará no mes de xuño, co seguinte horario de apertura do centro:

Mañás: de 11,00 h a 13,00 h

Tardes: de 16,00 h a 22,00 h

O Servizo municipal de Educación determinará anualmente o calendario e horario escolar que rexerá en cada curso.

##### Especialidades instrumentais

Como mínimo, o oferta da EMMV incluírá as seguintes especialidades instrumentais:

Vento metal: Trompa, Trompeta, Saxofón e Trombón

Vento madeira: Frauta e Clarinete

Corda: Guitarra, Violín, Viola, Violoncello, Contrabaixo

Piano

Percusión

Nº de alumnos mínimo: 370

Número de profesores e profesoras: o axeitado a estes parámetros e ás materias a impartir que se definan.



Estes parámetros e os fixados noutras cláusulas deberán ser desenvolvidos de acordo coa Orde de 11 de marzo de 1993, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG Nº 75, de 22 de abril de 1993)

### Terceira.- PROXECTO EDUCATIVO

O proxecto educativo abarcará, como mínimo, os seguintes aspectos:

**A) Obxectivos xerais:** abranguen a ubicación da Escola no espazo educativo das ensinanzas non regradas de música de carácter municipal, as súas funcións e a adecuación á normativa actual en materia de Escolas municipais de Música e Danza (Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 11 de marzo de 1993, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia).

#### **B) Proxecto Curricular:**

A oferta deberá contemplar a distribución por itinerarios, horarios, ratio, programación temporalizada dos contidos, obxectivos parciais, metodoloxía e criterios de avaliación de cada ún dos apartados seguintes:

**B.1. Música e Movemento:** destinado a nenos/as entre os 4 e 7 anos, dividirase, cando menos, en dous niveis. Terá por obxecto a introdución dos nenos/as ao mundo da música a través do xogo, a actividade rítmica e a percepción auditiva. A oferta deberá contemplar a programación temporalizada dos contidos, obxectivos parciais e criterios de avaliación.

Música e movemento terá a consideración de ciclo independente do resto da oferta da EMMV, e poderá dar acceso ás diferentes ofertas municipais de formación en música e artes escénicas.

**B.2. Práctica Instrumental:** destinado a mozos/as e adultos. Os seus contidos apuntarán tanto á música culta, como ao jazz e á música popular moderna. Deberá abranguer:

A aprendizaxe afeccionada para o desenvolvemento persoal e a interpretación colectiva. O seu obxectivo principal é a práctica da música en conxunto e a formación en valores asociados á mesma: a comunicación, a interacción do grupo e a socialización do individuo, así como a expresión das emocións a través da música.

A formación para futuros profesionais; o seu obxectivo é a orientación do alumnado ao estudo individual co fin de habitualo á disciplina da aprendizaxe profesional e a preparación para o acceso exitoso aos conservatorios.

**B.3. Actividades de Conxunto:** completando a práctica instrumental, a súa función será a formación do alumnado nos valores asociados á práctica da música en agrupacións vocais e instrumentais, a socialización, a comunicación e a pertenza ao grupo.

**B.4. Formación Complementaria:** achega materias que axudan á aprendizaxe da práctica instrumental e de conxunto: Linguaxe musical, Harmonía básica, Análise, Audicións, Historia da música ou Tecnoloxía musical.



### **C) Actividades Extraescolares:**

O adxudicatario presentará o programa de actividades extraescolares que desenvolverá, dirixidas tanto ao alumnado da escola como ao público en xeral, consistente en audicións dos alumnos (en solitario ou en conxuntos instrumentais), cursiños de curta duración, concertos, conferencias, seminarios, ou outro tipo de actividades que se podan realizar ao redor da música ou a danza.

### **D) Proxecto Organizativo de Centro:**

**D.1. Normas de funcionamento** propostas, tendo en conta que o adxudicatario deberá aplicar, en todo caso, a normativa do Servizo de Educación de funcionamento interno das escolas municipais de música e artes escénicas, na procura dunha maior racionalización e coherencia da oferta municipal neste ámbito, e referidas á organización do centro, funcións de dirección docente e do persoal docente e administrativo, participación da comunidade educativa, etc.

**D.2. Órganos de decisión** respecto da execución do proxecto educativo, en conformidade coa normativa vixente e coas mesmas consideracións apuntadas no anterior apartado, e contemplando especificamente a participación da comunidade educativa na vida do centro.

### **E) Actividades de divulgación:**

O adxudicatario presentará un programa de actividades de divulgación e/ou concertos didácticos en centros públicos e concertados da cidade, a razón dunha actividade por semana. Os profesores elaborarán un repertorio de cámara, jazz ou música popular moderna, de un mínimo de 50 minutos, adaptado á mocidade e aos nenos. O Servizo municipal de Educación desenvolverá un plan de xestión e organización para a realización de ditas actividades.

### **F) A EMMV na Rede:**

A oferta debe contemplar un proxecto de deseño e publicación das páxinas web da EMMV na Rede, así como a súa actualización permanente.

## **Cuarta.- PLAN DE CALIDADE**

O Servizo de Educación elaborará un plan de calidade para as escolas municipais de música e artes escénicas. O adxudicatario comprométese a aplicar o control dos procesos vinculados ao mesmo e dirixidos á obtención das correspondentes certificacións.

## **Quinta.- PROFESORADO**

As ofertas, con respecto ao persoal que impartirá as especialidades que se inclúan no proxecto presentado, deberán aportar a documentación acreditativa de que o persoal docente está en posesión da titulación requerida pola normativa de aplicación, nomeadamente, pola Orde de 11 de marzo de 1993 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de non existir titulación específica da súa especialidade deberá contar cunha acreditación da cualificación necesaria por parte da Dirección Xeral correspondente.

A contratación do profesorado necesario, por parte da empresa adxudicatoria do servizo, realizarase en calquera das modalidades previstas na normativa laboral vixente, agás



mediante contratación por empresas de traballo temporal, que só se poderá realizar en caso de urxencia e previa comunicación motivada ao Concello de Vigo.

#### **Sexta.- PRESUPOSTO DE GASTOS**

A efectos de valoración de ofertas éstas deberán incluír, obrigatoriamente, os seguintes apartados na memoria económica:

- 1.- **Persoal:** correrá por conta do adxudicatario  
Dirección e xefatura de estudos  
Persoal docente  
Administración.  
Conserxería.
- 2.- **Gastos correntes:** correrán por conta do adxudicatario  
Material funxible  
Reparacións menores de todo tipo e mantementos ordinarios de pequena entidade.  
Material inventariable que o adxudicatario/a considere imprescindible e non conste no inventario do Servizo que figura no Anexo I.
- 3.- **Gastos de reposición, consumos e mantemento maior,** serán por conta do Concello de Vigo, e comprenderán:  
Limpeza e calefacción do Centro  
Gastos correntes: auga, luz, teléfono  
Mantemento maior de locais e instalacións, reposición de mobiliario e equipos e do fondo instrumental.

#### **Sétima.- EQUIPAMENTO**

No apartado de equipamento, deberá terse en conta o seguinte:

A Escola ten unha dotación instrumental para o alumnado que se especifica no Anexo I. Se para a cumprimento do establecido no correspondente plan educativo se precisa de novo material instrumental, a súa adquisición correspóndelle á empresa adxudicataria, sen menoscabo de que o Concello proceda a unha nova dotación instrumental da Escola cando o considere necesario.

Así mesmo definirase o material específico que sexa preciso, a xuízo do licitador, para Música e movemento.

#### **Oitava.- PREZO DA MATRÍCULA**

O prezo definitivo da matrícula e das mensualidades por materia determínase na correspondente ordenanza municipal.

#### **Novena.- INGRESOS AO CONCELLO**

O Concello de Vigo percibirá as cantidades correspondentes á matriculación e mensualidades por materias do alumnado da Escola Municipal de Música. O



adxudicatario colaborará no proceso de matrícula e na emisión de recibos de mensuralidade, de acordo coas instrucións do Concello de Vigo.

**Décima.- CLÁUSULA TRANSITORIA**

O curso 2010-2011 desenvolverase basicamente coa mesma oferta educativa que o 2009-2010, co obxecto de garantir a continuidade do curso escolar e das condicións ofertadas.

As modificacións propostas no plan educativo deste novo contrato que sexan incompatibles co plan anterior, entrarán en vigor no comezo do curso 2011-2012.

O adxudicatario deberá especificar os mecanismos de transición entre un e outro plan.

9/07/2010

O XEFE DO SERVIZO DE EDUCACIÓN

P.A.: Ignacio Ojea Pérez

## INVENTARIO CONCELLO DE VIGO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA DE VIGO

ARTICULO	UDS.	MARCA	MODELO	Nº SERIE	COMENTARIO
METALOFONOS	1	STUDIO 49	ALTO AM2000		
	2	STUDIO 49	SOPRANO SM1600		
	2	STUDIO 49	ALTO AM1600		
	1	STUDIO 49	BAIXO BX1600		
	2	STUDIO 49	SOPRANO SM2000		
	2	STUDIO 49	ALTO AX2000		
	2	STUDIO 49	SOPRANO SX1600		
	2	STUDIO 49	ALTO AX1600		
XILOFONOS	1	STUDIO 49	BAIXO BX1600		
	2	STUDIO 49	SOPRANO SX2000		
LIRA	1	PREMIER			
PANDEIROS	1	HONSUY	PEQUENO ( 20 CM. )		
	1	HONSUY	MEDIANO ( 30 CM. )		
	3	HONSUY	PEQUENO ( 25 CM. )		
	2	SAMBA	GRANDE (35 CM.)		
	3	SAMBA	PEQUENO ( 20 CM. )		
PANDEIRETA	2	NP	25 CM.		
CAIXAS CHINAS	7	NACH SAPELLEY	C/ MAZA		
CARRILLON	3	STUDIO 49	ALTO		
	3	STUDIO 49	ALTO DO-LA		
	2	STUDIO 49	SOPRANO DO-FA		
TRIANGULOS	7	???	20 CM.		
CLAVES ( PAR )	11	RAMON LATINO	20 CM. ACERO		
CROTALOS	2	NACH SAPELLEY			
CORREAS PRATOS CHOQUE	1	RAMON LATINO	5,5 CM.		
SOPORTE PRATOS CHOQUE	1	GUILL			
CLARINETE	4	SELMER	sib		(DETERIORADOS)
	SELMER	mib			
	SELMER	BAIXO			(DETERIORADO)
BOMBARDINO	2	ROTT	DOURADO		(DETERIORADO)
	2	RAGTIME	SIB 4 PISTONES REP-20L LACADO		(DETERIORADO)
BOMBO	1	???			(DETERIORADO)
CAIXA	1	???			(DETERIORADO)
PE DE CAIXA	1	PEARL			(DETERIORADO)
TIMBAIS E PES	2	???	S-70W PATA DOBLE. CODO		(DETERIORADO)
TUBA	1	ROTT			(DETERIORADO)
	1	CERVENY			DECORACION (DETRIORADO)
	1	???			DECORACION (DETRIORADO)
TAMBORI	2	ROTT	PISTONS PRATEADO		(DETERIORADO)
	1	RENE GUENOT	PISTONS DOURADO		(DETERIORADO)
	7				

1 - BESSON BREVETE	PISTONS DOURADO	(DETERIORADO)
1 - BESSON BREVETE	PISTONS PRATEADO	(DETERIORADO)
1 - JUPITER	BAIXO JSL-740-L	

**INVENTARIO CONCELLO DE VIGO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA DE VIGO**

ARTICULO	UDS.	MARCA	MODELO	Nº SERIE	COMENTARIO
TROMPETA	2	ENCORD BOOSEY	DOURADO BH 400	108231	
FRAUTIN	1	I. LOT			(DETERIORADO)
SAXOFON	10	2 - SELMER	ALTO		(DETERIORADO)
		1 - BUFFET	ALTO PRATEADO		(DETERIORADO)
		1 - THE NEW KING	BARITONO PRATEADO		(DETERIORADO)
		1 - SELMER	TENOR		(DETERIORADO)
		1 - SELMER	TENOR DOURADO	334270	(DETERIORADO)
		1 - H. CLEYTON	TENOR PRATEADO		(DETERIORADO)
		1 - BUFFET	TENOR PRATEADO	21798	(DETERIORADO)
		1 - YAMAHA	YAS - 275	J-21741	(DETERIORADO)
		1 - BUFFET	TENOR PRATEADO	26181	(DETERIORADO)
		1 - KLUGER	PRATEADO		(DETERIORADO)
TROMPA	4	1 - ROTT 1 - YAMAHA 1 - KRUSPER	PRATEADO PRATEADO DOBLE 567		
FLISCORNO	1	1 - ROTT	PRATEADO		(DETERIORADO)
VIOLONCHELO	1	1 - HANS JOSEPH HAUER	1/4		(DETERIORADO)
GUITARRA ELECTRICA	1	FENDER	STATO AMERICANA	N536686	
BANDOLERA GUITARRA	1	GIBSON USA			NA FUNDA DO BAIXO
FUNDA GUITARRA	1	FENDER	ORIGINAL		
BAIXO	1	IBANEZ	ATK 300	FCS111162	
MULTI PISTAS	1	FOSTEX	XR-7	6Y320476	
SOPORTE GUITARRA	1	PROEL	FC100		
CABLES JACK-JACK	5	???			
PIANO ELECTRONICO	1	GEM	RP - 200	616B990019	
		GEM	RP - 60	048G000099	
		YAMAHA	P-70 NEGRO		
PIANO	5	1 - YAMAHA	BARRATS - ROBINSON SEMICOLA		
		1 - SAMICK	JS-115	IJLB00768	
		1 - SAMICK	JS-115	IJLB00770	
		1 - PETROF	K-115 RENNER		
		1 - FURSTEIN	G-120	T2902	
AMPLIFICADOR	2	CRATE	GFX-65	AQFWK80083	
		DEAN MARKLEY	K-200-B	1224	
EQUIPO DE MUSICA	3	1 - SHERWOOD	P-209-R	096370462	
		1 - AIWA	LCX-257	S61L606F2465	
		1 - AIWA	LCX-155	S5GL93C1098	
PORTATIL MUSICA	2	AIWA	CSD-EL300	S06LM09K0792	
		AIWA	CSD-EL33	S02LM99F0355	

VIDEO	1	1 - MITSUBISHI	HS-M18	F6 10327 L
TELEVISOR	1	1 - NOKIA	6332	

**INVENTARIO CONCELLO DE VIGO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA DE VIGO**

ARTICULO	UDS.	MARCA	MODELO	Nº SERIE	COMENTARIO	
ORDENADOR	3	1 - FUJITSU	SCALEO	3451450323		
		1 - LG				
		1 - ALPC	K6-2 350 MMX	9812140004		
PANTALLA ORDENADOR	3	1 - PHILIPS	105-S	GK009827001742		
		1 - YURAKU	YV17B3	HB20852611602		
		1 - HP	PAVILION V50	THTBW00858	(DETERIORADO)	
TECLADO ORDENADOR	3	1 - BTC	5140	713439063882	(DETERIORADO)	
		1 - ???	KBR 36	112186		
		1 - FUJITSU		15008455		
IMPRESORA	2	EPSON	FX880	ALUY00919	(DETERIORADO)	
		CANON	BJ-200-EX	TTG91106	(DETERIORADO)	
FOTOCOPIADORA	2	1 - TOSHIBA	1340	UB767273	(DETERIORADO)	
		1 - KONICA	7115	27AF50162		
TELEFONO - FAX	1	1 - TOSHIBA	TF-P25	90650246	(DETERIORADO)	
TELEFONO	2	1 - DOMO 2	MULTISERVICIO		(DETERIORADO)	
		1 - FORMA	MULTISERVICIO		(DETERIORADO)	
DESHUMIFICADOR	2	1 - DELONGHI	DN125	364452		
		1 - DELONGHI	DN125	364388		
BANCO PIANO	5	1 - HM BENCHES	NEGRO		DEL PIANO SEMICOLA	
		2 - W & L	TAPIZADO VERDE REGULABLES			
		1 - ???	TAPIZADO VERDE			
		1 - ???	TAPIZADO VERDE			
		14 - ???	PLASTICO LARANXAS			PEQUENAS - 6 DETERIORADAS
SILLAS	372	7 - ???	TAPIZADO GRIS			
		9 - ???	TAPIZADO MARRON			
		31 - ???	GRIS C/TABOLEIRO			
		8 - ???	BRANCA DE CHAPA			
		300 - ???	LAVA001 (TAPIZADO NEGRO)			
		2 - ???	VOLGA LAVA001 (TAPIZADO NEGRO)			
		1 - ???	M8 LA001 (TAPIZADO NEGRO)			
		9 - ???	MARRON C/CAIXONS			MESA PROFESOR
		1 - ???	GRIS S/CAIXONS			MESA OFICINA
		2 - ???	GRIS C/CAIXONS			MESA OFICINA
MESAS	22	2 - ???	MARRON-NEGRA S/CAIXONS		MESA OFICINA	
		4 - ???	BRANCA		MESA PUPITRE	
		1 - ???	NEGRA		MESA ORDENADOR	
		3 - ???	MARRON			
		2 - ???	MARRON/NEGRO C/CAIXONS E RODAS			
4 - ???	MARRON C/CAIXONS					



MODULOS	1 - ???	GRIS C/PORTAS	
	2 - ???	MARRON /NEGRO C/ESTANTERIAS E PORTAS	
	9 - ???	MARRON C/ESTANTERIAS E PORTAS	
	3 - ???	GRIS C/ESTANTERIAS E PORTAS	
	1 - ???	NEGRO C/ESTANTERIAS	
	3 - ???	MARRON C/ESTANTERIAS	

**INVENTARIO CONCELLO DE VIGO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA DE VIGO**

ARTICULO	UDS.	MARCA	MODELO	Nº SERIE	COMENTARIO
ARMARIOS	5	1 - ??? 4 - ???	ARMARIO TV GRIS C/PORTAS CORREDEIRAS		GRIS
PIZARRAS	11	9 - ??? 2 - ???	PIZARRA TIZA PIZARRA ROTULADOR		
LAMPARA FLEXO	1	1 - ???			NEGRA
PERCHEIROS	25	1 - ??? 24 - ???	PERCHEIRO DE PE PERCHEIRO DE PAREDE		
PARAGUEIROS	4	???	NEGRO DE CHAPA		
PAPELERAS	21	16 - ??? 5 - JOFEL	NEGRA DE CHAPA BRANCA DE CHAPA		
EXTINTORES	4	FIRE-FOX			